



Rivas Blanco, medalla de Prata no Campionato de España de Altanería, e Veiga Vázquez Bronze no Campionato de España de Arceas

O pasado 8 de decembro, disputábase en Osuna (Sevilla), a décimo cuarta edición do Campionato de España de Altanería con Can, na que participaba o ceteiro estradense, Francisco Javier Rivas Blanco, co can "Sil", proclamándose subcampión de España da modalidade, tralo castelán-mancheugo Pedro Saiz.

O 13 de decembro, a Reserva do Saja (Cantabria), acollía a final do Campionato de España de Arceas, na que participaban tres deportistas da selección galega. O cazador de Vilalba, César Veiga Vázquez, que competía co cadela "Chula," acada a terceira praza da clasificación xeral, tralo navarro Juan María Esaín que foi campión, e o cántabro Mario Muriedas que resultou subcampión.



Francisco Javier Rivas Blanco
Subcampión de España de Altanería con Can



César Veiga Vázquez
Terceiro no Campionato de España de Caza de Arceas